



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xaneiro 2020

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2020 acadou a cifra de 1.006.506 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de decembro de 2019 de 13.753 afiliacións (-1,35%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.164.494, rexistrando unha diminución do 1,26% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2020 con xaneiro de 2019) obsérvase un incremento de 14.136 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,42%) e un incremento do 1,83% (345.194 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2019, rexístrase unha baixada das afiliacións todas as comunidades autónomas, destacando entre todas elas Extremadura (-1,75%) e Comunitat Valenciana (-1,71%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, a meirande parte das comunidades autónomas amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid e Murcia (con taxas superiores ao 2,5%). En senso contrario, a única comunidade onde se rexistra un decrecemento é Extremadura.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.164.494	-244.044	-1,26	345.194	1,83
Galicia	1.006.506	-13.753	-1,35	14.136	1,42
Andalucía	3.135.224	-40.148	-1,26	47.686	1,54
Aragón	572.662	-5.815	-1,01	10.498	1,87
Asturias	362.653	-5.020	-1,37	3.389	0,94
Illes Balears	429.013	-6.766	-1,55	7.588	1,80
Canarias	815.800	-11.628	-1,41	12.894	1,61
Cantabria	215.356	-3.602	-1,65	3.874	1,83
Castilla La Mancha	703.385	-10.651	-1,49	2.312	0,33
Castilla y León	911.755	-12.733	-1,38	8.848	0,98
Cataluña	3.419.650	-39.727	-1,15	57.491	1,71
Comunitat Valenciana	1.917.806	-33.354	-1,71	44.113	2,35
Extremadura	386.920	-6.891	-1,75	-28	-0,01
Madrid	3.268.440	-34.083	-1,03	91.031	2,86
Murcia	585.451	-5.632	-0,95	16.301	2,86
Navarra	286.929	-2.922	-1,01	6.796	2,43
País Vasco	969.971	-10.621	-1,08	16.447	1,72
La Rioja	129.523	-797	-0,61	1.762	1,38
Ceuta e Melilla	47.453	103	0,22	59	0,12

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

¹

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de decembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 1,92%, o que supón 6.615 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,46%), Ourense (1,01%) e, por último, Lugo (0,24%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro de 2019, rexistrouse en Galicia unha diminución do 1,35%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose a maior baixada en Pontevedra (-1,50%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2020	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	432.032	-5.567	-1,27	6.223	1,46
LUGO	120.860	-1.431	-1,17	284	0,24
OURENSE	101.860	-1.405	-1,36	1.014	1,01
PONTEVEDRA	351.754	-5.350	-1,50	6.615	1,92
GALICIA	1.006.506	-13.753	-1,35	14.136	1,42
ESPAÑA	19.164.494	-244.044	-1,26	345.194	1,83


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,3% das afiliacións galegas en xaneiro de 2020, diminuíron un 1,49% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,12%. En España estas taxas foron do -1,40% con respecto a decembro de 2019 e do 2,12% en relación ao mes de xaneiro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,1%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,94%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2019, todas as provincias rexistran taxas negativas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,64%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida con respecto a xaneiro de 2019 (0,52%) e unha baixada con respecto a decembro de 2019 (-0,55%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2019, as taxas descenden en todas as provincias, agás en Pontevedra, sendo a máis negativa a de A Coruña (-2,17%). A taxa galega sitúase entón no -0,38%, inferior á de España (-0,37%). Con respecto a decembro de 2019, todas as provincias diminúen, destacando, principalmente, a taxa de A Coruña (-5,95%). A taxa galega amosa así unha diminución do -3,02% con respecto a decembro de 2019. A taxa nacional é do -1,83%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XANEIRO 2020	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	432.032	-1,27	1,46
LUGO	120.860	-1,17	0,24
OURENSE	101.860	-1,36	1,01
PONTEVEDRA	351.754	-1,50	1,92
GALICIA	1.006.506	-1,35	1,42
ESPAÑA	19.164.494	-1,26	1,83
R. XERAL			
A CORUÑA	341.788	-1,34	2,08
LUGO	85.893	-1,45	1,29
OURENSE	78.457	-1,57	2,03
PONTEVEDRA	271.954	-1,68	2,47
GALICIA	778.092	-1,49	2,12
ESPAÑA	15.851.141	-1,40	2,12
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.573	-0,68	-0,73
LUGO	33.478	-0,50	-2,27
OURENSE	23.403	-0,67	-2,28
PONTEVEDRA	66.499	-0,64	-0,04
GALICIA	207.953	-0,64	-0,94
ESPAÑA	3.251.119	-0,55	0,52
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.672	-5,95	-2,17
LUGO	1.488	-0,40	-1,91
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.301	-2,01	0,58
GALICIA	20.461	-3,02	-0,38
ESPAÑA	60.976	-1,83	-0,37

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>